

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE NOVIEMBRE DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de novembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de vixilancia e control de accesos para a Casa Consistorial, Centro de Servizos Municipais, Fogar do Transeúnte, Recinto Cei-Nodus-Espazo>Lab e Parque da Milagrosa e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2024/C003/000024.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación do servizo de execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C003-000028.

Tamén se acorda a prórroga do contrato 2023-20243. contratación dos seguros de responsabilidade civil patrimonial - lote 1 - terceira, exp. ref. 2021/C003/000030.

Acórdase a delegación de competencias na Tenenta de Alcalde de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5142112065562370008.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-11-2024

resolutivos en relación coa contratación da subministración de catro carrozas en réxime de alugueiro para a Cabalgata de Reis Magos que se celebrará o 5 de xaneiro de 2025 e demais contratacións administrativas relativas ás celebracións de Nadal.

Do mesmo xeito, acórdase a delegación de competencias no Tenente de Alcaldesa da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coas contratacións administrativas relativas ás celebracións do Mercado de Nadal 2024.

Así mesmo, acórdase deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 7/474, do 30 de outubro de 2024 e tamén e aprobar de novo o proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de humanización da rúa Milagrosa de Lugo (tramo comprendido entre rúa Mallorca e rúa Xulia Minguillón) e a apertura do procedemento de adxudicación. así como delegación de competencias no Concelleiro de Infraestruturas Urbanas.

2. PERSOAL.- Acórdase a prórroga da comisión de servizos dun policía local.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, en substitución do tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica.